

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 2 CINTA 5****Museo
do Pobo
Galego****instituto de
estudos das
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0005_002_en_0_08_42_id636_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0005_002_en_0_08_42_id636.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a quinta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de flora mariña, en concreto dos tipos de algas: como son e onde atopalas, e explica que se usaban para abonar os campos. Tamén fala da flora dos areais.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, flora, fauna, ceba, carro de bois, carrameiro, esterco, cultivo, areal, xunco, cardo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 5



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Cambiando de conversación, vamos a falar de todas as cousas que produce o mar como é... vamos a falar de como se forma a flora, o que é a seba, que tipos de sebas había no mar e para que se utilizaba ó mellor como era a seba, os correoles, os bochos, o verdín; as algas que produce o mar.

R: .. (?) .Para darlle o nome propio.

P: ¿A seba donde se cría, no fondo ou arriba na superficie?

R: Críase no fondo.

P: No fondo.

R: A seba, a seba. Porque despois hai o isco que ese anda ó rolo¹ no mar, dun lado para outro. Ese cría nas pedras. Críase na pedra e cando ven a maruxía ou o mal tempo fuerte, bate nas pedras e fai saltar o esterco, e cando hai bo tempo o fondo mesmo cría o verdello o que chamamos verdello, e se ven o mal tempo, a maruxía tira polas praias, e despois veñen do campo con carretóns, cos carros de bois e van ás praias a recoller toda esa basura po campo.

P: E iso é o isco ou é a seba.

R: O isco todo, a seba o mesmo, a seba cando se despega veñen montóns, Ese é mellor porque é máis limpo. Esa seba críase da altura dun home durante o verano. E aí cobíjase o choco, cobíjase moito peixe aí nesa parte.

P: E come tamén diso.

R: Come.

P: Porque a veces no vrán aparece moita flotando e cando se vaña está moi quente, e as veces aparece toda a praia por arriba.

R: Porque o mar é un campo de matices (?), ... (?) chamalle o mariñeiros hermanos din collémolos peixes. Pero é que o peixe come, a manutención sale do isco, das augas quentes e augas frías, do cálido que trae ese mesmo mar nas augas quentes. Moitas veces ten a consideración de que están as augas moi frías o peixe non anda, acobíjase no fondo.

P: E que tipos de sebas hai, hai unhas sebas que son largas e planas coma se foran follas de verduras, hai outras que son máis finas¿non?

R: Si home claro.

P: ¿Teñen nomes diferentes?

R: Hai algas, as algas que comen da pedra fuerte, hai o carrameiro.

P: ¿O carrameiro como é ?

R: O carrameiro tamén é fuerte, cobíjase na pedra, porque o mar é talmente talmente coma un campo.

P: Exacto.

R: O campo cría dunha maneira e o mar cría doutra maneira, ten que ter as súas épocas para criar, e o peixe cobíjase cando ven o mal tempo acobíjase na... Mire usté á seca. Vaia á seca e ó lado dunha pedra cobijado nun...(?)². encontra un peixe alí a comer, hai outros que, pois plano (?) andan solto, comendo a mantención esa do polvillo..

P: ¿E o carrameiro que é? é gordo de cor marrón ¿non?

R: Está na pedra firme. O carrameiro está na pedra firme, quen o ten que arrancar de alí.

P: É a maruxía.

R: É a maruxía.

P: E as sebas que son máis finas, máis delgadas.

¹ “Andar ó rolo” é unha expresión mariñeira que significa ir á deriva

² Posiblemente sexa un sinónimo de laño

R: Tes aquí, nesta parte de aquí, que lle chamaban a pedra da Consela³, alí no inverno tiñas unha seba que era da miña altura.

P: ¿Crecía tanto na pedra mesmo a seba?

R: Pegada na pedra, na pedra e mais no suelo. Cando viña a maruxía, pois, empeza a bater nela, empeza a arrancarse e alá vai. Tiñan forza tamén.

P: Iba a parar ás praias.

R: E despois viñan os dos campos con carretóns⁴ viñan as praias e...

P: E servía para abonar o campo.

R: Para abonar o campo.

P: Normalmente xa era no outono. E aparte había outras formas, as correoles.

R: Todo ese tipo.

P: Que tipo había, había as correoles que eran delgadas, eran como os carrromeiros pero máis delgadas.

R: Si, si.

P: Eran como os espaguetis, que eran largas.

R: Todo ese tipo son matices do campo todo, usábase po campo todo.

P: E había polas pedras aquí dábase o que chamaban o bocho ¿non?

R: Ibas con unhas rasquetas rascando as pedras, chamaban o bocho.

P: E eses o bocho ou esa seba tiña así algún uso nas, pas enfermidades para curar bisocas, para curar...

R: Ese tipo non curaba nada.

P: Non se usaba, solamente para esterocar.

R: Para esterocar era para o que máis se usaba todo.

P: ¿E claro, cales eran as que máis lle estropeaban na pesca?. Oorque había algunhas ó mellor que se se collía muita seba non podían... dificultáballe a pesca ¿non?

R: A seba esa de limpo, esa que chamamos a seba, esa quen se encarga de... ó mellor hai pedra, o correol ese é o que está pegado na pedra.

P: E para pescar é máis difícil con ela.

R: Ese evita muitas veces, ese correol, de non perder os aparellos, porque cando queda limpia a pedra, como toque a rede nela xa está, fai rotura, e no verano cando está chea de alga correol, queda enganchada no correol e arranca os correoles.

P: E non queda firme na pedra.

R: É un amparo para os pescadores, xa moitos que van ás pedras a pescar como os trasmallos, eses pois hai correoles, largan por riba dos correoles donde o peixe está arredor...

P: Está no medio.

R: E móvese, e engancha no aparello, e o evitan muitas veces. Pero como esté a pedra seca é unha rareza que non enganche o aparello.

P: E falando de outras plantas que non son do mar pero si que son de cerca do mar como son os areiros, que tipo de plantas producen os areiros, así como o xuncos ¿non?

R: O xunco.

P: ¿Non? Non se produce nos areiros, que prodúcen, os cardos.

³ Pedra da Consela, é unha pedra pequena, única que había entre os areiros da praia de Moaña e praia da Xunqueira. Salvouse do aterrado que se fixo nos anos 80 do pasado século. Concretamente pode verse coas baixadas das marea vivas. Está situada xunto ao final do espigón onde se puxo a estatua do Fisgón.

Os cons son pedras grandes e o topónimo de Consela porque é pequena.

(O informante era bastante alto, penso que podía medir o metro oitenta)

⁴ Unha observación: Creo que usa o término “carretóns = carros do país” porque eles solían transportar os aparellos dente os casetes ou a secar en carretas máis pequenas que os carros de bois, aínda que a veces tamén contrataban os carros de bois para os aparellos.

R: Eses son tipos de terra.

P: De terra si pero xa en area, como polas xunqueiras e todo iso.

R: Eses areiros son producidos polo mar, porque hai varios reducios no inverno, que se forman reducios coma se fora un vento fuerte que fai mover...

P: Si fai remuíños.

R: Remuíños, entón as maruxías unha que ven para abaixo outra que ven para arriba, eses buracos que andan a area movediza toda, despois fanse eses areiros, alí está un pozo de agua, alí hai un monte de area.

P: Pero despois neses areiros os que quedan así fóra á intemperie, nacen un tipo de plantas mui características delas ¿non?

R: Iso ten que estar mui no verano, porque sabes que no verano é cando cría a area e cando cría o musgo que queda, o que lle chamaban o musgo, pois empeza a coller un pouco de verdín... Éche coma un barco. Un barco cando limpas o costado a fondo arría a basura esa. Arría a telilla fina esa e despois...

P: E non sabe que plantas propias son dos areiros, os cardos danse alí nos areiros, ¿non?

R: Eses areiros que hai aquí, tes o croque a ameixa.

P: Non pero as plantas, o que é as plantas, as herbas que nacen nas xunqueiras, cando os areiros quedan xa fóra do mar.

R: Claro, son herbas, chámalle herbas.

P: ¿E ten así algún nome concreto delas?

R: Non, tes o cardo, o cardo ese que está donde o mar non chega xa, si chega o tempo que seca hasta que veña o bo tempo.

P: E que outras plantas, ¿os xuncos? Non.

R: Xunco tamén.

P: Tamén da.

R: Os xuncos hai máis no seco, xa non lle toca tanto a agua salada.

P: Claro coa chuvia a agua dulce.

R: Está máis arrimado ós ríos.

P: E as camariñas aquí non as coñece.

R: As camariñas.

P: Hai un tipo de planta que lle chaman as camariñas.

R: Non conozco.

P: Non, nas illas si que se daba, ¿que outro tipo de plantas podería ser que se dera aparte da... ? é que eu non sei os nomes por iso quería comentar, o tromentelo ese non se da, o tromentelo, eso e de monte.

R: Todo eso que está ó lado do mar ten a época de verán e inverno, arena movediza ou herba, ou líquen, porque o mar moitas veces fáltalle as calorías no inverno, veñen as augas frías, e iso non lle deixa criar, e cando ven o verán cría todo, todas as pedras crían musgo.

P: Igual que en terra

R: O mesmo.